

## Grace Murray Hopper

(New York, 1906-Condado de Arlington, 1992)



Científica especializada en Matemáticas e tamén unha militar norteamericana, con grao de contraalmirante, considerada unha pioneira no mundo da informática. Foi a primeira programadora que utilizou o Mark I. Entre as décadas dos anos cincuenta e sesenta propiciou a aplicación dos compiladores para o desenvolvemento das linguaxes de programación e métodos de validación.

Era coñecida polas súas amizades como *Amazing Grace*.

Estudou na Universidade de Vassar Matemáticas e Física e graduouse con honores en 1928. Tamén cursou un Máster en Matemáticas na Universidade de Yale, onde se graduou en 1930. Doutorouse en Matemáticas, na Universidade de Yale, en 1934.

Ao longo da súa vida recibiu numerosos recoñecementos, que inclúen máis de 40 doutoramentos honoris causa, a *Medalla Wilbur Lucius Cross* de Yale, o rango de capitán en 1973, o de comodoro en 1983 e o de contraalmirante en 1985.

Foi a única muller co grao de almirante do seu país.

En 1969 recibiu o título de *Home do ano*.

En 1991, concédeselle a *Medalla Nacional de Tecnoloxía*.